

MESA DE CONTRATACIÓN

ACTA DE AVALIACIÓN DAS PROPOSTAS TÉCNICAS E APERTURA DO SOBRE “C” (PROPOSTA ECONÓMICA), DE DOCUMENTACIÓN RELATIVA A CRITERIOS VALORABLES EN CIFRAS OU PORCENTAXES

PRESIDENTE: D. José M. Blanco Suárez, presidente do Padroado (excusou a ausencia)

VOGAIS: D. Guillermo Sánchez Fojo, vicepresidente do Padroado
D. Manuel Guillermo Antón Villaamil, interventor accidental (excusou ausencia)
D. Jesús Janeiro Cazón, xerente do Padroado
D. Luciano Fernández Vicente, director técnico do Padroado

SECRETARIO: D. Anxo Franco Bañobre, secretario do Padroado

En Narón, sendo as 10 horas e trinta minutos do día 5 de agosto de 2014, na Sala de reunións da Alcaldía, na Casa do concello, reúnese a Mesa de Contratación en cumprimento do previsto no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como no prego de cláusulas administrativas particulares, coa asistencia das persoas anteditas, para a contratación mediante procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, para o servizo de **“Servizos complementarios no Padroado da Cultura do Concello de Narón”**. En ausencia do presidente, presidiu a mesa o vicepresidente do Padroado.

Á hora indicada procedeuse pola presidencia á apertura da sesión, dándose conta polo secretario de que foran emitidos dous informes técnicos para a avaliación das ofertas técnicas: un por D. Xosé Paulo Rodríguez Domínguez, Director do Teatro Rosalía Castro, do concello da Coruña, e presidente da Rede española de teatros, auditorios e circuitos de titularidade pública, para a avaliación do proxecto e organización, e outro por D. Luciano Fernández Vicente, Director Técnico do Padroado da Cultura do Concello de Narón, para a avaliación das melloras propostas polos licitadores non contempladas nos pregos sen custe económico. Os informes, despois dun estudo polo miúdo das ofertas, outorgan a máxima puntuación á empresa Tedaga, s.l., de acordo co seguinte cadro:

LICITADORES	PROXECTO E ORGANIZACIÓN	MELLORAS SEN CUSTE	PUNTUACIÓN TOTAL
TEDAGA, S.L.	26,00	20,00	46,00
EULEN, S.A.	23,00	17,15	40,15
SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L.	30,00	4,35	34,35

A Mesa de Contratación acordou ratificar estes informe, coas puntuacións propostas, unha vez debatido o mesmo, e polo tanto ratificar a puntuación outorgada a cada unha das empresas licitadoras.

A continuación, e de conformidade co disposto no R.D. 817/2009 de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de contratos do sector público e a cláusula 11 do prego de cláusulas administrativas particulares, procedeuse á apertura pública do sobre "C" presentado por cada una das empresas citadas, contendo a proposta económica coa documentación relativa a criterios valorables en cifras ou porcentaxes.

Vistas as ofertas económicas e segundo o disposto na cláusula 10 e no ANEXO I do prego de cláusulas administrativas particulares que rixe esta contratación, resultan as seguintes puntuacións:

LICITADORES	PREZO CON IVE OFERTA 15.000 H.	PUNTUACIÓN
EULEN, S.A.	393.698,91 euros	50,00
TEDAGA, S.L.	398.823,12 euros	49,36
SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L.	403.873,46 euros	48,74

Así pois, e tendo en conta todos os criterios de puntuación recollidos nos pregos, a puntuación total de todas as ofertas presentadas é a seguinte:

LICITADORES	PUNTUACIÓN PROPOSTAS TÉCNICAS	PUNTUACIÓN OFERTA ECONÓMICA	PUNTUACIÓN TOTAL
TEDAGA, S.L.	46,00	49,36	95,36
EULEN, S.A.	40,15	50,00	90,15
SERVICIOS CULTURALES ALGAMA, S.L.	34,35	48,74	83,09

Esta Mesa de Contratación, á vista do resultado das puntuacións anteriormente especificadas, acorda propoñer ao órgano de contratación a adxudicación do contrato á empresa TEDAGA, S.L. ao obter a puntuación máis alta, unha vez valorados todos os criterios de puntuación recollidos no prego de cláusulas administrativas particulares.

Seguidamente, o Sr. Presidente preguntou aos membros da Mesa se desexan realizar calquera pregunta, observación ou aclaración a realizar. Non se produciu intervención algunha ao respecto.

Ao non haber máis asuntos que tratar, levantouse a sesión ás dez horas e corenta e nove minutos da data indicada no encabezamento. Do desenvolvemento da mesma eu, como secretario, dou fe, en proba do cal se estende a presente acta, que asino co visto e prace do Sr. Presidente.

Vº e Prace
O PRESIDENTE

O SECRETARIO

